Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra
rexistro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com
Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

Concello de Vilanova de Arousa
Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

DILIXENCIA.- Se estende para facer constar que o expediente de contratación do que forma parte o presente Prego foi aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o día 27 de outubro de 2016.-

O SECRETARIO XERAL.-

Asdo: Javier Bouzada Romero.

PREGO DE PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL/ PATRIMONIAL DO CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA

Artigo 1.- OBXECTO DO SEGURO.-

O contrato ten por obxecto o aseguramento das consecuencias económicas derivadas pola Responsabilidade Civil / Patrimonial, Xeral, Profesional, Patronal ou por accidente de traballo que durante a vixencia do contrato puidera corresponder directa, solidaria o subsidiariamente o Asegurado polo ordenamento xurídico vixente, polos danos corporais, materiais e prexuízos económicos consecutivos ou non, causados a terceiros no exercicio da súa actividade asegurada.

Artigo 2.- DEFINICIÓNS

Asegurador.- A persoa xurídica que, a cambio da cobranza da prima, asume o risco contractualmente pactado.

Tomador do seguro.- Terá a consideración de Contratante do seguro, o CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA que xuntamente co Asegurador subscribe o contrato, e a quen lle corresponden as obrigas que se derivan do mesmo, salvo as que pola súa natureza deban ser cumpridas polo Asegurado.

Asegurado.- Terán a condición de Asegurado neste Contrato:

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra
rexistro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com
Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

Concello de Vilanova de Arousa
Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

- O CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA, Alcalde, Concelleiros ou os membros non electos da Xunta de Goberno Local no desenvolvemnto das funcións e servizos que lle sexan propios, así como os seus Organismos Autónomos, Padroados, Fundacións e Consorcios, (néste último caso a consideración de Asegurado alcanza exclusivamente a que puidera corresponder o Concello), que se encontren constituídos ou que se constitúan durante a vixencia da póliza.

- O persoal das ENTIDADES ASEGURADAS anteriores, directivo, funcionario, laboral, eventual, persoal en formación ou en prácticas, os acollidos a algún decreto de fomento do emprego, así como, os relacionados con empresas de traballo temporal e, en xeral, outros dependentes, calquera que fose a súa situación administrativa ou laboral, no exercicio das suas actividades por conta das ENTIDADES ASEGURADAS anteditas, sempre e cando se atopen en cumprimento das súass atribucións municipais e non se atopen sancionadas ou inhabilitadas para a práctica da mesma. Quedan comprendidos aqueles que se atopen en comisión de servizos nas ENTIDADES ASEGURADAS procedentes doutras Administracións Públicas, así coma os becarios que actúen o servizo das ENTIDADES ASEGURADAS en actividades que estas organicen.

- O persoal titulado no exercicio das súas actividades profesionais por conta das ENTIDADES ASEGURADAS, así como as persoas que traballen baixo o control e dependencia daquelas.

- As persoas físicas que actúen ó servizo das ENTIDADES ASEGURADAS como voluntarios do servizo de protección civil e servizos sociais ou calquera outro tipo de voluntariado, e aquelas outras que presten os seus servizos como consecuencia de acordos ou convenios con Organismos.

- Os aspirantes que participen en probas selectivas de ingreso nas ENTIDADES ASEGURADAS.

- Os herdeiros e familiares de calquera dos Asegurados anteriores, respecto as responsabilidades destes que lles puideran ser esixibles no caso do falecemento dos Asegurados.

Actividade.- A prestación dos servizos municipais.

Terceiros.- Terán a consideración de Terceiros os efectos deste Contrato:

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra
rexistro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com
Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

Concello de
Vilanova de Arousa
Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

1. Os Asegurados na súa calidade de usuarios dos servizos do Tomador e do resto das ENTIDADES ASEGURADAS.

2. Os Asegurados respecto a responsabilidade civil patronal ou por accidente de traballo.

3. Calquera persoa física ou xurídica distinta do Tomador do seguro e dos Asegurados como consecuencia das actividades dos Asegurados e do persoal dependente do mesmo.

Póliza.- O documento que contén as condicións reguladoras do seguro.

Forman parte integrante da póliza o prego de cláusulas administrativas e o prego de prescricións técnicas de responsabilidade que rexen para esta contratación. Así como as "condicións especiais", as "cláusulas especiais" e as "actas" ou "suplementos" que sexan emitidos a mesma para complementala ou modificala.

Prima.- O prezo do seguro.

O cálculo da prima neta se realiza tendo presente o conxunto de coberturas contratadas, límites e sublímites de garantías ou "sumas aseguradas", franquías, condicións de aseguramento, e demais condicións pactadas que constan na póliza, de forma que a variación en calquera destas condición determinará a correspondente modificación da prima.

O recibo conterá, ademais, os recargos e tributos que sexan de legal aplicación en cada momento, que sumados a prima neta, dan como resultado a prima total.

Límite de indemnización.- A cantidade máxima de que responderá o Asegurador pola suma de todas as indemnizacións e gastos por sinistro, sexa cal fose o número de coberturas afectadas.

Límite de indemnización por sinistro.- A cantidade máxima a cargo do Asegurador pola suma de todas as indemnizacións, intereses e gastos correspondentes a un sinistro.

Sublímite de indemnización por víctima.- A cantidade máxima a cargo do Asegurador pola suma de todas as indemnizacións, intereses e gastos correspondentes á víctima, lesionado o

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra
rexistro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com
Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

Concello de
Vilanova de Arousa
Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

debilitado, xunto coas que, no seu caso, puideran corresponder os seus causahabientes ou prexudicados.

Límite de indemnización por anualidade ou por período de seguro.- A cantidade máxima de que responderá o Asegurador pola suma de todas as indemnizacións, intereses e gastos correspondentes a cada período de seguro, con independencia de que sexa consumida nun solo ou varios sinistros, entendendo por período de seguro o comprendido entre dous vencementos anuais de prima, ou entre a entrada en vigor e a data de fin do seguro, sempre que a duración fose inferior a un ano.

Sinistro.- Todo feito que producido por un dano do que poida resultar legalmente responsable o asegurado, sempre que fose o obxecto deste contrato de seguro e poña en risco as garantías da póliza de conformidade os termos e condicións pactados.

Se considerará coma un só e único sinistro a sucesión de feitos ou circunstancias que se deriven dun mesmo orixe ou mesma causa, con independencia do número de prexudicados e reclamacións formuladas e o número de profesionais implicados.

O concepto de sinistro delimítase temporalmente de acordo a cláusula de "ámbito temporal de cobertura".

Franquía.- A cantidade expresamente pactada a cargo do Asegurado que se deducirá da indemnización e gastos correspondentes en cada sinistro, calquera que sexa a forma e cuanto en que este se liquide.

Polo tanto, o Asegurador soamente indemnizará os sinistros ata o límite da suma asegurada, en exceso das cantidades establecidas como franquías.

Reclamación.- Se entenderá por reclamación:

- os procedementos xudiciais ou administrativos, dirixidos contra o Asegurado.

- os requirimentos formais e por escrito, formulados contra o Asegurado ou contra a Compañía de Seguros, derivado dun sinistro amparado polo contrato.

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra
rexistro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com
Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

Concello de
Vilanova de Arousa
Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

- as comunicacións escritas do prexudicado dirixidas o asegurado por calquera medio, derivado dun sinistro amparado polo contrato.

Considerarase constituída unha única reclamación os diversos procedementos xudiciais ou administrativos, requirimentos formais e por escrito formulados contra o Asegurado ou contra a Compañía. de Seguros, ou as comunicacións escritas do prexudicado dirixidas ó Asegurado, que deriven dun mesmo sinistro, aínda que se formulen en momentos diferentes.

Non terán a consideración de reclamación:

- calquera queixa, aínda que sexa escrita, onde non se manifeste claramente a intencionalidade de levar a cabo unha reclamación formal con contido económico, así como as queixas que os servizos municipais reciban a través do sistema de Reclamacións e Suxestións.

- A mera citación do Asegurado como testigo nun procedemento xudicial ou administrativo, nin pola solicitude efectuada por un interesado ou por un órgano xudicial, administrativo ou parlamentario, de que se remita unha documentación administrativa.

O concepto de reclamación delimitarase temporalmente de acordo coa cláusula do "ámbito temporal de cobertura"

Data de reclamación.- Considérase data da reclamación dun sinistro a correspondente a recepción no Rexistro das ENTIDADES ASEGURADAS, ou pola Cimpañía de Seguros, da primeira comunicación dun procedemento xudicial ou administrativo, requirimento formal e por escrito ou comunicación escrita con contido económico do prexudicado dirixida ás ENTIDADES ASEGURADAS xerada por tal sinistro.

Data de ocorrencia.- Tomarase como data de ocorrencia dun sinistro a correspondente o momento no que se producira a acción motivadora do dano indemnizable. No caso de dúbida, un dano corporal considerarase ocorrido no momento no que o prexudicado teña coñecemento do mesmo ó aparecer síntomas relacionados cun dano corporal, aínda cando a concreción da data e do nexo de causalidade non se estableza ata máis adiante.

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra
rexistro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com
Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

Concello de
Vilanova de Arousa
Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Dano material.- Toda destrución ou deterioro, menoscabo ou desaparición dun ben ou parte do mesmo, así como toda lesión física ocasionada os animais.

Dano corporal.- A lesión corporal ou falecemento causada a persoas físicas.

Prexuízo consecutivo.- A perda económica consecuencia directa dos danos corporais ou materiais, cubertos pola póliza, sufridos polo reclamante de dita perda.

Prexuízo non consecutivo.- A perda económica sufrida polo reclamante de dita perda, non consecuencia dun previo dano corporal ou material, ou un dano moral con cuantificación económica.

Responsabilidade Xeral.- A responsabilidade derivada dos actos ou omisións que ocasionen danos e perxuicios a terceiras persoas.

Responsabilidade Profesional.- A responsabilidade derivada dos danos ou prexuízos producidos a terceiros como consecuencia do exercicio profesional de todo o persoal do Asegurado.

Responsabilidade Patronal.- A responsabilidade que lle sexa esixida ó Tomador e/o Asegurado polos accidentes de traballo sufridos polo persoal que teña a condición de Asegurado, ocorridos no desenvolvemento da actividade asegurada.

Responsabilidade Patrimonial.- A responsabilidade que lle sexa esixida ó Tomador e/o Asegurado cando a reclamación do prexudicado se canalice pola vía da Responsabilidade Patrimonial da Administración, de acordo co establecido no Capítulo IV da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e normativa de desenvolvemento.

Artigo 3.- ÁMBITO TEMPORAL DA COBERTURA DO CONTRATO DE SEGURO DE RESPONSABILIDADE: EFECTO E EXTINCIÓN.

A cobertura do contrato de seguro de responsabilidade se circunscribe a amparar as reclamacións que se formulen ó Tomador do Seguro, ao Asegurador en virtude da acción directa, desde o efecto de inicio da póliza ata a data de extinción do contrato, sempre que a reclamación ó Asegurado se formulase dentro da vixencia do seguro, por erros, omisións ou actos neglixentes, ou

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra
rexistro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com
Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

Concello de
Vilanova de Arousa
Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

no prazo máximo de dous anos a partir da data de extinción de este, sen prexuízo dos prazos de prescrición legalmente establecidos.

Artigo 4.- ÁMBITO XEOGRÁFICO E XURISDICIONAL DAS COBERTURAS.- A garantía deste contrato se estende e limita as actuacións do asegurado no territorio español e que sexan reclamadas ante calquera tribunal da Unión Europea.

Quedan expresamente excluídas todas aquelas reclamacións que se presenten ante tribunais de calquera país distinto dos indicados no paragrafo anterior, incluso cando a sentencia ditada sexa posteriormente convalidada para a súa execución en España.

Artigo 5.- RISCOS CUBERTOS.-

Responsabilidade Civil/Patrimonial/Xeral.-

Con carácter xeral quedarán incluídos todos os actos que sexan propios e específicos das ENTIDADES ASEGURADAS e do resto de Asegurados, e en particular, con **carácter enunciativo e non limitativo**, garantíranse as seguintes responsabilidades que directa, solidaria o subsidiariamente lles poidan corresponder por todo dano corporal, dano material e/o prexuízo consecutivo ou non, que sufran os terceiros nos seus bens e/o dereitos, sempre que os mesmos sexan consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos ou, en xeral, dos actos dimanantes das ENTIDADES ASEGURADAS e do resto de Asegurados imposta polo ministerio da Lei, tanto a normativa xurídica estea en vigor a toma de efecto da póliza ou a que estea durante a vixencia da mesma, como consecuencia:

- Da titularidade, explotación e uso dos bens mobles e inmobles (e os seus contidos) e instalacións propiedade a o seu patrimonio ou ostente a posesión por calquera título xurídico.

- Da súa calidade de arrendatario de bens inmobles que ocupe en réxime de arrendamento o en virtude de calquera outro título fronte os seus propietarios.

- Da propiedade e mantemento das vías publicas e camiños veciñais prazas e pontes a cargo do Asegurado, así como a derivada do arbolado cuxa conservación e mantemento sexa responsabilidade municipal. Do estado de conservación e mantemento das distintas instalacións e bens mobles e inmobles que utiliza o Asegurado,

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra
rexistro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com
Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

Concello de Vilanova de Arousa
Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

sexa cal fora o seu título, para o desenvolvemento concreto da súa actividade.

- Da actividade de inspección de locais.

- Do seu deber "in vixilando" que lle compete respecto a os bens de outras Entidades Públicas que estean na súa posesión.

- Da custodia ou depósito de bens propiedade de terceiras persoas, así como polos danos materiais a cousas e bens propiedade dos empregados das ENTIDADES ASEGURADAS dentro dos recintos destas, incluída o roubo, furto, perda ou extravío dos mesmos, salvo os bens expresamente excluídos.

  No caso de vehículos esta garantía so terá efecto no caso de que estes se atopen nos aparcamentos sometidos a vixilancia permanente ou protexidos de tal forma que se impida a entrada e utilización por persoas non autorizadas. Non se concede a garantía aos danos causados os vehículos como consecuencia de colisión entre eles. O asegurador farase cargo da indemnización correspondente unicamente no caso de non existir cobertura por outro seguro, coma o de incendio, roubo, danos propios, responsabilidade civil do causante do dano.

- Do incendio, explosión, fume, augas, gases, cheiros, vapor, que teñan su inicio en calquera de os seus bens ou servizos, sempre que teñan un carácter accidental, súbito e repentino.

- Da súa condición de promotor ou construtor de obra nova, de obras de mantemento, reparación, ampliación ou reforma de edificacións ou instalacións xa existentes.

- Dos traballos de derribo e demolición de edificios. No obstante cando os traballos sexan realizados por unha empresa contratista das ENTIDADES ASEGURADAS, estas esixirán a dita empresa que subscriba un contrato de seguro de responsabilidade civil en vigor que garanta os riscos e a actividade propia da execución da obra adxudicada. Dita responsabilidade actuará sempre en exceso ou en defecto da póliza da empresa contratista.

- Polos danos ocasionados por un acontecemento con carácter accidental e que poidan producirse nas edificacións, estruturas ou obras de construción colindantes durante a execución dos traballos de construción asegurados.

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra
rexistro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com
Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

Concello de Vilanova de Arousa
Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

- Dos danos a conducións subterráneas (cables, canles, tubarias de auga, gas, electricidade e similares) ou aéreas (conducións en superficie ou elevadas). O pago das indemnizacións en caso de sinistro quedará restrinxido en todo caso os custos de reparación deses cables e conducións.

- Da súa obriga de control sanitario dos alimentos, da manipulación, venta e distribución dos mesmos, así como as derivadas de intoxicacións o envelenamentos producidos as persoas por produtos alimenticios ou bebidas en malas condicións, servidos nas dependencias das ENTIDADES ASEGURADAS.

- Do Servizo de Vixilancia, Seguridade e Mobilidade, incluso cando comprenda o uso de armamento de fogo, así como os medios de represión utilizados polas forzas de seguridade e vixilancia dependentes do Asegurado.

- Da orde de retirada de vehículos da vía pública, e polos danos os vehículos de terceiros que estean provisionalmente en poder das ENTIDADES ASEGURADAS para a súa vixilancia e custodia.

- Dos traballos realizados para as ENTIDADES ASEGURADAS ou por conta delas por adxudicatarios, concesionarios, contratistas e subcontratistas.

- Da contaminación de augas, terra e aire, sempre que aquela sexa accidental, súbita e imprevista, incluíndo os gastos de limpeza. Se entenderá que a contaminación ten carácter accidental e súbito sempre que a manifestación da contaminación se produza dentro do termo das 72 horas seguintes o evento polucionante.

- Do uso de vehículos a motor, propiedade dos arrendados polos dependentes das ENTIDADES ASEGURADAS, sexan funcionarios ou non, e sexan postos a disposición do persoal asegurado para comisións de servizo. Esta cobertura actúa en exceso de calquera outra póliza válida e cobrable sexa ou non a nome do Asegurado.

- Da propiedade, uso, mantemento e explotación dos vehículos, maquinaria industrial, e plataformas industriais que non sexan obxecto de seguro obrigatorio /ou voluntario de vehículos a motor.

- Do transporte de mercancías e bens en xeral en medios terrestres incluíndo operacións de carga e descarga, así como polos danos que tales bens poidan causar durante o seu transporte.

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra
rexistro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com
Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

Concello de Vilanova de Arousa
Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

- A organización e/ou participación en todo tipo de eventos e actividades sociais, deportivas, culturais, recreativas, artísticas, festivas, e festexos, exposicións, e demostracións, incluída a construción e mantemento de tribunas, queima de fogos artificiais, cabalgatas con o sen vehículos a motor, etc., todo elo con independencia de si o evento se celebra ou non en terreos ou dependencias de propiedade municipal; así como eventuais responsabilidades mancomunadas, solidarias o subsidiarias pola participación das ENTIDADES ASEGURADAS en calidade de patrocinador. No caso de queima de fogos artificiais, esta póliza actuará en exceso das garantías que teña contratada a empresa de pirotecnia encargada do disparo dos mesmos.

- De viaxes ou participacións en Congresos e Xuntanzas de análoga natureza, así como a asistencia a feiras de mostras, exposicións ou similares.

- Da actuación do Corpo de Bombeiros, voluntarios de Protección Civil e demais voluntariados.

- Da organización de probas de selección do persoal destinadas a postos das ENTIDADES ASEGURADAS e celebradas tanto en locais propios como alleos.

- Da titularidade, propiedade, mantemento e explotación polas ENTIDADES ASEGURADAS de:

    - Residencias, Albergues, Hostais, Cámpings, establecementos hoteleiros e similares.

    - Centros deportivos, campos de deportes, piscinas e resto de instalacións deportivas municipais.

    - Semáforos, postes de alumeado, sinais de tráfico, rede de sumidoiros, limpeza urbán, recollida de lixos, instalacións e canalizacións de auga, e demais servizos municipais.

    - Depósitos de vehículos, mercados, matadoiros, cemiterios e vertedoiros municipais.

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra
rexistro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com
Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

Concello de
Vilanova de Arousa
Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

- Todo tipo de Centros de ensino, talleres ocupacionais, centros de formación profesionais; así como a responsabilidade directa ou subsidiaria pola organización e participación en actividades-talleres tales como: cursos de verao, conferencias, talleres de bricolaxe e ocio, concertos, teatros escolares, excursións e visitas culturais.

Responsabilidade Civil Patronal

A responsabilidade que xudicialmente poida ser esixida as ENTIDADES ASEGURADAS, polos traballadores que teñan a consideración de terceiros ou os seus dereitohabentes, cuxa causa sexan os danos persoais sufridos, no exercicio da actividade asegurada. O feito causante destes danos deberá ser recoñecido e aceptado como accidente laboral polos Organismos competentes.

A efectos desta garantía, única e exclusivamente terán a consideración de terceiros os traballadores por conta allea incluídos no cadro de persoal das ENTIDADES ASEGURADAS e dados de alta na Seguridade Social ou Mutualidade ou Organismo que corresponda no momento de ocorrencia dos feitos.

Tamén terán a consideración de terceiros efectos desta garantía todas aquelas persoas físicas descritas no apartado da definición de Asegurado.

Responsabilidade Civil Profesional

Esta cobertura cubre a responsabilidade derivada da actuación profesional do persoal titulado ó servizo das ENTIDADES ASEGURADAS, no exercicio das súas funcións.

Garantírase as consecuencias económicas derivadas da Responsabilidade Civil / Patrimonial que, segundo a normativa legal vixente, corresponda ó Asegurado, polos danos corporais, materiais y prexuízos consecutivos ou non, tal como foran definidos, causados a terceiros por erros, accións u omisións realizadas no exercicio das actividades profesionais nas que poidan incorrer no súa calidade de profesionais das ENTIDADES ASEGURADAS.

A título meramente indicativo quedan garantidas as responsabilidades derivadas de:

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra
rexistro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com
Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

Concello de
Vilanova de Arousa
Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

a) a actuación dos médicos propios e os seus asistentes sanitarios polos danos sufridos polos pacientes como consecuencia das accións, omisións ou erros profesionais culposos ou neglixentes cometidos por profesionais da medicina ou persoal sanitario que figuren como empregados en nómina das ENTIDADES ASEGURADAS, pola realización de actos sanitarios que sexan da súa competencia profesional e se exerciten o servizo destos, incluso polo uso dos aparatos necesarios para a súa actividade.

b) a actuación de profesionais técnicos polas actividades de dirección e/ou supervisión de obras e/ou proxectos de construción, montaxe, ampliación ou reforma de bens e instalación, así como a coordinación de seguridade e saúde.

c) a actuación profesional do persoal de ensino (dirección, profesorado, servizos auxiliares ou subalternos) dependentes das ENTIDADES ASEGURADAS e nos seus centros docentes, no desempeño das súas funcións e actividades educativas para ou por conta do mesmo, polos danos que puideran sufrir os alumnos cando se atopen baixo a custodia ou tutela dun dos ditos centros de ensino, tanto no recinto escolar como con ocasión de realizar viaxes, excursións, campionatos, visitas culturais ou actos similares.

d) En xeral, as actuacións profesionais dos empregados das ENTIDADES ASEGURADAS mentras exerzan a súas funcións para ou por conta destas.

Esta cobertura de Responsabilidade Profesional actuará en defecto, en exceso e/ou en diferenza de condicións respecto doutros seguros subscritos, obrigatorios ou non, ben a través dos respectivos colexios profesionais ou ben a través de calquera outro medio.

Artigo 6.- RISCOS EXCLUÍDOS.-

Co obxecto de salvagardar ao máximo o principio de concorrencia das Compañías Aseguradoras na contratación do Seguro de Responsabilidade obxecto do presente prego, as exclusións que a continuación se especifican poderán ser adaptadas as ofertas técnicas que presenten as citadas compañías na licitación.

A Mesa de Contratación valorará, de acordo cos contidos do informe técnico que se emita pola unidade correspondente, e cos

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra
rexistro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com
Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

Concello de
Vilanova de Arousa
Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

criterios de ponderación fixados no Prego de Cláusulas Administrativas, a proposición que sexa máis ventaxosa, rexeitando aquelas ofertas que limiten o obxecto deste seguro mediante exclusións non comúns no mercado asegurador nas Pólizas de Responsabilidade das Administracións Públicas.

A título orientativo, se consideran exclusións comúns as seguintes:

1. Os actos administrativos normativos, tanto xerais como singulares.

2. Os danos a consecuencia directa da circulación, ocasionados polos vehículos dos que sexa propietario, arrendatario, vixilante ou usuario do Asegurado, e que deben estar asegurados polo contrato de seguro obrigatorio do automóbil.

3. Os estragos ocasionados por fenómenos naturais, tales como tremores da terra, desligamento o corremento de terras, tempestades, furacáns, riadas, etc.

4. Os danos por asbesto en estado natural e os seus produtos, así como os danos relacionados con operacións e actividades expostas a polvo que conteñan fibras de amianto.

5. As responsabilidades contractuais do Asegurado que excedan da legal.

6. Todo tipo de multas ou penalizacións e en particular os denominados danos punitivos e exemplares ("punitive or exemplary damages") ou similares.

7. O subministro de gas e da electricidade, a tenencia de presas e embalses, a explotación de estaciones de autobuses, metros, ferrocarrís e explotacións portuarias, os traballos en aeroportos e a explotación de institutos bancarios ou de crédito.

8. A responsabilidade dos Asegurados por danos que teñan a súa orixe na infracción ou incumprimento voluntario e inxustificado das normas que rexen as actividades obxecto do seguro, así como por actos dolosos, coa excepción da responsabilidade civil que puidera corresponder as ENTIDADES ASEGURADAS na súa condición de empresario por as actuacións de seu persoal.

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra
rexistro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com
Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

Concello de
Vilanova de Arousa
Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

9. Os danos e prexuízos ocasionados pola descarga, dispersión, fuga ou escape de fume, vapores, hollín, ácidos, sustancias alcalinas, produtos químicos tóxicos, líquidos ou gases, residuos ou outros irritantes, contaminantes ou polucionantes, na terra, a atmosfera ou calquera curso ou masa de auga, que se produza de forma lenta, gradual e paulatina, con independencia da intencionalidade do asegurado.

   Non será de aplicación esta exclusión, se tal descarga, dispersión, fuga ou escape cumpre a totalidade dos seguintes requisitos:

   a) que se produza de forma súbita y accidental.

   b) que o comezo da descarga, dispersión, fuga ou escape se produza durante a vixencia da póliza.

   c) que a descarga, dispersión, fuga ou escape non debe durar máis de 72 horas.

   d) que o dano causado se manifeste durante as 72 horas seguintes o comezo da descarga, dispersión, fuga ou escape.

   No seu caso, quedarán unicamente garantidos os danos corporais e materiais que se produzan durante a vixencia da póliza e que se reclamen o asegurador ata dous años despois da súa anulación.

   Quedaran sempre excluídas as reclamacións por ruídos e danos xenéticos, así como pola contaminación radiactiva ou derivada de combustibles nucleares.

10. A Responsabilidade directa de empresas ou persoas encargadas mediante contrato ou concesión do mantemento, conservación ou reparación de inmobles e instalacións municipais ou da explotación directa de bens ou servizos municipais ou municipalizados (retirada de lixo, postos nos mercados, almacéns xenerais, establecementos similares).

11. Na cobertura de bens baixo custodia ou depósito non quedan aseguradas as reclamacións derivadas da roubo, furto, perda ou extravío de diñeiro, títulos, valores, libretas de aforro, talonarios de cheques, documentos e xoias ou alfaias.

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra
rexistro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com
Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

Concello de
Vilanova de Arousa
Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

12. Os danos a bens directamente traballados, os danos sufridos polas obras edificios e instalacións sobre as que o Asegurado exerza a súa actividade profesional, ben sexan estes preexistentes ou sexan obxecto dos traballos do Asegurado como autor do proxecto, director ou supervisor das citadas obras ou instalacións, así como as reclamacións das ENTIDADES ASEGURADAS fronte os seus empregados.

    Igualmente quedan excluídos os danos os aparatos, equipos e materiais utilizados en ditas obras, edificios e/o instalacións.

    Nos traballos de derribo e demolición de edificios, quedan excluídos os danos materiais orixinados por humidades os edificios colindantes a no ser que se tomaran as debidas precaucións preventivas, como colocación de plásticos.

    Na garantía de responsabilidade como propietario de obras ou construtor por medio do seu persoal de inmobles, terreos uo outras edificacións de competencia municipal, o seguro cubre soamente a responsabilidade civil / patrimonial por os accidentes que ocorran durante o período da construción das obras ou instalacións, excluíndose a responsabilidade de que trata o artigo 1591 do Código Civil.

    Así mesmo se exclúen as gretas que non poñan en perigo nin a estabilidade do edificio u as obras nin a seguridade dos seus posteriores usuarios.

13. Os danos causados pola guerra civil ou internacional, rebelión, insurrección, revolución, actos de sabotaxe, manifestacións ou movementos populares, así como os danos producidos por causa, o a consecuencia directa ou indirecta, de terrorismo, independentemente de que existan outras causas ou eventos que contribuíron o sinistro, concorrentemente o en calquera outra secuencia.

    No concepto de terrorismo se entenderá: calquera acto, preparación ou ameaza dunha acción, destinados a influenciar do sistema político establecido de calquera nación ou división política da mesma, en persecución de propósitos políticos, relixiosos ou similares, ou para causar temor ou inseguridade no medio social no cal se produce, cometido por calquera persoa ou grupo de persoas xa sexa actuando solas, por instrución de ou en conexión con calquera organización ou goberno de "iure" ou de "facto" e que:

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra
rexistro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com
Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

Concello de
Vilanova de Arousa
Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

- Implique violencia contra unha ou máis persoas, ou
- implique danos os bens, ou
- poña en perigo vidas distintas dos que cometen a acción, ou
- cree un risco para a saúde; a seguridade da poboación o parte da mesma, ou
- este destinada a interferir o interromper un sistema electrónico

Se exclúen tamén as perdas, danos ou gastos directa ou indirectamente causados por calquera acción para controlar, previr, suprimir, tomar represalias ou responder a calquera acto de terrorismo, así como calquera perda de beneficio ou paralización do negocio causada por calquera acto de terrorismo.

14. Para a cobertura da responsabilidade civil patronal ou por accidentes de traballo, se exclúen ademais das restantes exclusións de responsabilidade civil/patrimonial xeral, que se aplican tamén a presente cobertura, as seguintes:

    - Indemnizacións por accidentes excluídos da cobertura do seguro de accidentes de traballo.

    - Indemnizacións e gastos de asistencia orixinados por enfermidade profesional, así como por enfermidades psíquicas, cerebrais ou coronarias.

    - As reclamacións por incumprimento das obrigacións de tipo laboral, xa sexan contractuais ou legais, referentes a Seguridade Social, seguro de accidentes de traballo, pago de salarios e similares, e os previstos e acordados por convenios colectivos ou particulares.

    - Multas, penalizacións ou recargos establecidos na lexislación laboral ou de Seguridade Social vixente, o as consecuencias do seu impago.

15. As reclamacións derivadas de diagnose de S.I.D.A., ou transmisión do S.I.D.A. ou axentes patóxenos do mesmo.

16. As reclamacións por responsabilidades derivadas de: contraceptivos e r.u. 486, d.e.s. (diethilstilbestrol), swine flu vaccines (vacuna da peste porcina), espuma de urea-formaldehydo, bifenilos policlorados (b.p.c.), oxychinolina,

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra
rexistro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com
Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

Concello de
Vilanova de Arousa
Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

thimerosal, fenfluramina dexfenfluramina e phentermina (a menos que esta última sexa utilizada como monoterapia), fluoexitina, fenilpropanolamina, metilfenidato, troglltazona, estatinas y fibratos, fabricación e/o comercialización de produtos dietéticos que contengan efedra ou calquera de seus derivados, uso de silicona líquida e xel de silicona, uso de materiais biolóxicos humanos.

17. As consecuencias de recetar e/o administrar produtos farmacéuticos non aprobados pola Autoridade Sanitaria.

18. As reclamacións por danos que caian no ámbito do seguro obrigatorio de responsabilidade civil de instalacións radiactivas segundo o disposto na Lei 25/1964 de 29 de abril, e no Real Decreto 1836/1999, de 3 de decembre, así como en calquera outra norma posterior que desenvolva a dita lexislación.

    Para aqueles aparatos de diagnóstico ou tratamento non incluídos no ámbito do citado seguro obrigatorio, se exclúen, ademais das exclusións previstas neste artigo:

    a) Os danos xenéticos.
    b) Os danos materiais.
    c) Danos causados no uso sen autorización de aparatos con fontes radiactivas ou en incumprimento das normas de seguridade ditadas polas autoridades.
    d) Danos causados pola emisión consciente de radiacións ionizantes dentro do plan de explotación normal da instalación, sempre que non teña relación directa co uso desta polos asegurados.
    e) Danos causados polo mal funcionamento do aparato ou instalación, por un defecto de deseño, construción ou mantemento.
    f) Os efectos de radiación provocados por la aceleración artificial de partículas.
    g) Os efectos directos ou indirectos de explosión, desprendemento de calor ou irradiación, que proveñan da fusión do núcleo do átomo ou de radiactividade.

19. As reclamacións:

    a) Derivadas de feitos, circunstancias, acontecementos ou danos que o Tomador do seguro coñecera antes da data do efecto do presente contrato de seguro.

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra
rexistro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com
Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

Concello de
Vilanova de Arousa
Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

b) Que estén cubertas por outra u outras pólizas contratadas con anterioridade a ésta.

c) Aquelas reclamacións presentadas con posterioridade a data de vencemento do presente contrato.

A tal efecto terase en conta o concepto de data de reclamación contida no Artigo 2 Definicións.

Artigo 7.- DEFENSA XURÍDICA.-

A defensa das ENTIDADES ASEGURADAS ante os diversos órganos xurisdicionais corresponde os seus propios Servizos Xurídicos. Así mesmo os servizos xurídicos destas ENTIDADES ASEGURADAS poderán prestar asistencia xurídica ó seu persoal.

No suposto de non asumir as ENTIDADES ASEGURADAS a defensa por medio de seus propios servizos xurídicos, e ante calquera procedemento xudicial que se derive dun sinistro amparado pola póliza, o Asegurador asumirá, a súas expensas, a dirección xurídica fronte a reclamación do prexudicado, designando os letrados e procuradores que defenderán e representarán ó persoal asegurado nas actuacións xudiciais que se lle seguisen en reclamación de responsabilidades civís / patrimoniais cubertas por esta póliza, e aínda cando ditas reclamacións fosen infundadas.

O persoal asegurado deberá prestar a colaboración necesaria a dita defensa, comprometéndose a outorgar os poderes e a asistencia persoal necesaria, e a facilitar canta información e documentación se lle requira por o Asegurador. Sexa cal fose o fallo ou resultado do procedemento xudicial, o Asegurador se reserva a decisión de exercitar os recursos legais que procederen contra dito fallo ou resultado, ou el conformarse co mesmo.

Se o Asegurador estima improcedente o recurso, o comunicará o Asegurado, quedando este en liberdade para interpoñelo pola súa exclusiva conta e aquel obrigado a reembolsarlle os gastos xudiciais e os de avogado e procurador, na suposta de que dito recurso prosperase.

Cando se tivera producido algún conflito de interese entre o Asegurado e o Asegurador, motivado por ter que sustentar este, no sinistro, intereses contrarios a defensa do Asegurado, o

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra
rexistro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com
Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

Concello de
Vilanova de Arousa
Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Asegurador o porá en coñecemento do Asegurado, sen prexuízo de realizar aquelas dilixencias que, polo seu carácter urxente, sexan necesarias para a defensa. Neste caso, o Asegurado poderá optar entre o mantemento da dirección xurídica polo Asegurador ou confiar a su propia defensa a outra persoa. Neste último caso, o Asegurador quedará obrigado a abonar os gastos de tal dirección xurídica.

As cantidades que, en virtude da presente cobertura, deba pagar o Asegurador, terá como límite o 10% da "suma asegurada' para a cobertura de "responsabilidade civil de explotación".

Fianzas xudiciales

O Asegurador garante igualmente a imposición das fianzas xudiciais o Asegurado para garantir a súa responsabilidade civil/patrimonial ou para conseguir a súa liberdade provisional nun procedemento penal derivado dun sinistro amparado por a póliza.

Dito afianzamento terá a consideración de pago a conta da eventual indemnización e terá como limite máximo a "suma asegurada" para a cobertura de responsabilidade civil afectada. Non se inclúen nesta cobertura a prestación de fianzas para o pago das sancións persoais, como multas o costas.

Se acorda expresamente a prestación de fianzas, calquera día da semana, naquelas acusacións de actos dolosos contra o persoal dependente das ENTIDADES ASEGURADAS. No caso de condena firme por acto doloso (feito no amparado en póliza), o Asegurado abonará o Asegurador os gastos ocasionados e devolverá as fianzas depositadas.

Artígo 8.- LÍMITE DE INDEMNIZACIÓN.-

O Asegurador responderá, para todos os sinistros que afecten as garantías da presente póliza, ata as cantidades máximas que a continuación se indican, que comprenden as sumas das indemnizacións correspondentes a danos persoais, danos materiais, e prexuízos consecutivos ou non, intereses, así como todo tipo de gastos e costas, calquera que sexa o número de vítimas e/o prexudicados:

Para a garantía de Responsabilidade Civil /Patrimonial Xeral:

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra
rexistro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com
Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

Concello de Vilanova de Arousa
Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

- Límite de indemnización por sinistro: 1.500.000 €.
    - Sublímite de indemnización por sinistro para os danos a bens de terceiras persoas en poder ou custodia: 150.000 €.
    - Sublómite de indemnización por ano para a garantía de retirada de vehículos e danos os mesmos: 150.000 €
    - Sublómite de indemnización por sinistro para a garantía de traballos de derribo e demolición de edificios: 150.000 €.
- Límite de indemnización máximo anual: 1.500.000 €.

Para a garantía de Responsabilidade Civil /Patrimonial Patronal:

- Límite de indemnización por sinistro: 1.500.000 €
    - Sublímite de indemnización por vítima para a responsabilidade civil/patrimonial patronal: 300.000 €.
- Límite de indemnización máximo anual: 1.500.000 €

Para a garantía de Responsabilidade Civil /Patrimonial Profesional:

- Límite de indemnización por sinistro: 1.500.000 €.
- Límite de indemnización máximo anual: 1.500.000 €.

Para a garantía de prexuízos non consecutivos:

- Sublómite de indemnización por sinistro e anualidade de seguro: 300.000 €

Con independencia das coberturas afectadas por un mesmo sinistro, o asegurador non fará fronte baixo ningún suposto a unha indemnización superior a 1.500.000 €. Así mesmo o limite de indemnización máximo anual para todas as garantías e de 1.500.000 €.

Liberación de gastos

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra
rexistro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com
Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

Concello de
Vilanova de Arousa
Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Contrariamente ao indicado na cláusula anterior de Límites de indemnización, a garantía de Responsabilidade Civil / Patrimonial cuberta por este contrato, se entenderá liberada de calquera dedución por gastos xudiciais ou extraxudiciais que, como consecuencia da tramitación do expediente do sinistro, se lle producira ó Asegurador, cando aqueles gastos, sumados a indemnización satisfeita, excedan da citada garantía. **A anterior liberación de gastos solo xurdirá efecto en España.**

Artígo 9.- FRANQUÍA.-

A franquía máxima aplicable por sinistro será de 150 €.

Artígo 10.- XESTIÓN DAS RECLAMACIÓNS.-

Con independencia dos procedementos administrativos e xudiciais establecidos na lexislación vixente, a tramitación e xestión interna das reclamacións económicas que afecten o presente contrato realizarase de conformidade co seguinte procedemento operativo:

1. O circuíto da reclamación comezará no momento no que o prexudicado ou reclamante formule a reclamación. A mesma se remitirá inmediatamente ó Asegurador nos termos que se establezan nas normas de funcionamento.

2. Unha vez coñecida a reclamación polo Tomador, esta será informada polas persoas que o Tomador identifique no seu circuíto de comunicación interna. O Asegurador terá coñecemento de toda a documentación que sirva de base para analizar as reclamacións, debendo facilitar o Tomador o asesoramento preciso para avaliar as indemnizacións solicitadas nos termos que se establezan nas normas de funcionamento.

3. Unha vez informada e valorada a reclamación, se o Tomador considera que a mesma está cuberta pola presente póliza, a remitirá a Asegurador.

4. No caso de que o asegurador entendera que a reclamación non está cuberta pola póliza ou de que existira discrepancia na valoración, o comunicará o Tomador antes do prazo de 1 mes.

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra
rexistro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com
Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

Concello de
Vilanova de Arousa
Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

5. O Asegurador se compromete a informar ó Tomador do seguro, a través da Correduría, de forma periódica e en todo caso trimestralmente da evolución da siniestralidade, mediante folla de cálculo en formato electrónico compatible co entorno do Tomador, na que se detalle como mínimo os seguintes datos:

- Nº expediente do sistema informático municipal
- Reclamante
- Data da Ocorrencia
- Data da Reclamación
- Cuanto Reclamada
- Indemnización
- Vía administrativa/xudicial
- Estado

Artígo 11.- ACCIÓN DIRECTA CONTRA O ASEGURADOR.-

Nos supostos nos que o reclamante exercite a acción directa contra o Asegurador, este deberá poñer en coñecemento do Tomador a reclamación recibida. Igualmente, o Asegurador requirirá o consentimento previo do Tomador para proceder o pago das reclamacións que se reciban por esta vía. Se dito consentimento non se outorgase, as garantías se entenderán liberadas de calquera dedución polo importe pagado polo Asegurador por este concepto.

Artigo 12.- DURACIÓN DO CONTRATO.-

Se estará ao disposto ao respecto na cláusula segunda do prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación de diversas pólizas de seguro para o concello de Vilanova de Arousa que forma parte do mesmo expediente de contratación que o presente prego de prescricións técnicas.

A Compañía aseguradora renuncia o seu dereito de anular o presente contrato durante su vixencia, despois do acaecemento dun sinistro.

Artígo 13.- PRIMA ANUAL.-

Se estará ao disposto ao respecto nas cláusulas 3ª, 4ª e 5ª do prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación de diversas pólizas de seguro para o concello de

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra
rexistro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com
Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

Concello de
Vilanova de Arousa
Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Vilanova de Arousa que forma parte do mesmo expediente de contratación que o presente prego de prescricións técnicas.

Artígo 14.- INTERMEDIACIÓN DO CONTRATO.-

Se estará ao disposto ao respecto na cláusula 23ª do prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación de diversas pólizas de seguro para o concello de Vilanova de Arousa que forma parte do mesmo expediente de contratación que o presente prego de prescricións técnicas.

Artígo 15.- CONFIDENCIALIDADE.-

O Asegurador se obriga a manter a confidencialidade dos datos que lle subministre o Tomador en execución das condicións previstas no contrato, non sendo posible a utilización das mesmas máis que para as finalidades estritas que se deriven da cobertura dos riscos.

O Asegurador quedará obrigado o cumprimento do dispuesto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembre de Protección de Datos de Carácter Persoal.

Artigo 16.- ACEPTACIÓN ESPECÍFICA DAS CLÁUSULAS LIMITATIVAS.-

As Condiciones Económicas desta póliza foron establecidas tendo en conta os termos e limitacións estipulados polas partes, particularmente no que se refire o alcance do Seguro, ámbito temporal de cobertura, limitacións por anualidade de seguro, límites de indemnización e franquías así como exclusións e outras estipulacións.

De conformidade co disposto no Artigo 3 da Lei de Contrato de Seguro de 8 de Outubro de 1.980, as condicións resaltadas de modo especial no presente contrato en negrilla, e para o caso de que puideran ser consideradas limitativas dos dereitos do Tomador do Seguro ou do Asegurado son especificamente aceptadas polo Tomador do Seguro, quen deixa expresa constancia de examinalas detidamente cada una delas e de mostrarse plenamente conforme con cada unha das mesmas en virtude de su correspondente sinatura.

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra
rexistro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com
Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

Concello de
Vilanova de Arousa
Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

ANEXO

SINIESTRALIDAD PÓLIZA RC Nº 53715165
DESDE JUN 2010 A SEP 2016

Siniestro	Fecha ocurrencia	Situación	Carga
107608960	20110905	Terminado	8.177,96 €
112160296	20111110	Terminado	0,00 €
127071538	20120914	Terminado	76,86 €
127833739	20130524	Terminado	385,59 €
127840304	20140518	Terminado	173,66 €
127840601	20140528	Terminado	397,46 €
136795291	20150505	Terminado	76,86 €
138249057	20150703	Pendiente	210,12 €
138249701	20150702	Terminado	249,79 €
139629281	20150824	Terminado	650,00 €
139629869	20150827	Terminado	238,77 €
140642448	20130413	Terminado	1.722,10 €
140871583	20150729	Terminado	650,00 €
140873803	20141215	Terminado	76,86 €
141730176	20150706	Pendiente	650,00 €
141735662	20141007	Pendiente	650,00 €
148078678	20160701	Terminado	273,22 €
Total			**14.659,25 €**